



GUÍA DO CURSO

Ferramentas e aplicacións da web 2.0 na aula de CCSS

A word cloud featuring various terms related to Web 2.0. The most prominent word is 'Abalar' in large red letters. Other words include 'Web 2.0' in large green letters, 'Blogs' in orange, 'Slideshow' in green, 'TimeRime' in green, 'Glogster' in green, 'Mister Wong' in green, 'Youtube' in yellow, 'Picasa' in yellow, 'Scribd' in green, 'Blogger' in green, 'Dropbox' in green, 'D-volver' in yellow, 'Maker' in yellow, and 'Google' in orange. The words are arranged in a non-linear fashion, with some oriented vertically.



Índice

■ Descripción do curso.....	3
■ Persoas titoras.....	3
■ Obxectivos.....	3
■ Competencias profesionais do profesorado.....	3
■ Contidos.....	3
■ Correlación das competencias básicas cos contidos do curso.....	3
■ Metodoloxía.....	4
■ Seguimento e desenvolvemento do curso.....	4
■ Comunicación coas persoas titoras.....	4
■ Avaliación.....	5
■ Aplicación práctica nas aulas.....	5
■ Requirimentos para seguir o curso.....	5



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

Descrición do curso

Curso dirixido ao profesorado para animalo a usar ferramentas web 2.0 no ámbito do proxecto abalar e a crear recursos dixitais para ser usados na práctica docente.

Persoas titoras



Marta Arias López
Asesora do CFR de Lugo
Área Lingüística e social



Miguel Angel Carricoba
Armesto
Asesor do CFR de Lugo
Área Organización
escolar e diversidade

Obxectivos

- 1.- Familiarizarse coas aplicacións da web 2.0. e cos recursos didácticos máis interesantes existentes na rede para a aula de ciencias sociais.
- 2.- Coñecer experiencias e materiais didácticos que contribúan a fomentar a integración destas aplicacións na elaboración de propostas máis innovadoras de ensino-aprendizaxe das ciencias sociais.
- 3.- Integrar os coñecementos e procedementos aprendidos para á elaboración de propostas didácticas.

Competencias profesionais do profesorado.

Os contidos desta actividade contribuirán a mellorar a actitude favorable do profesorado de Ciencias Sociais cara á integración das TIC na práctica docente, a través da utilización da web 2.0 como elemento necesario para informarse e comunicarse, para elaborar materiais didácticos e desenvolver propostas metodolóxicas innovadoras baseadas nas aprendizaxes activas e significativas, mellorando así a calidade da competencia didáctica ao aplicar novos modelos de ensino-aprendizaxe que se basean na utilización de distintas aplicacións relacionadas coas TICs, ben contextualizadas en relación coas necesidades específicas e particulares do alumnado, ben centradas nos obxectivos que se perseguen.

Contidos

A organización do curso estrutúrase en bloques.

BLOQUE 0. PRESENTACIÓN DO CURSO Presentación do profesorado titor e do alumnado a través do foro, conta gmail, plan do curso (1 hora)

BLOQUE I. A WEB 2.0 Concepto de web 2.0. Características das ferramentas e posibilidades que abren ao profesorado docente: crear, compartir e colaborar. (4 horas)

BLOQUE II. BUSCA E CATALOGACIÓN DE MATERIAIS. Fontes de recursos útiles para as clases de ciencias sociais: portais educativos, editoriais, páxinas persoais de profesorado de ciencias sociais. Criterios para a súa valoración. Busca de materiais en diversos formatos: texto, imaxes, vídeos.... Uso dos marcadores sociais (Mister-Wong) como ferramenta para crear e compartir un banco de recursos persoal. Traballo con Dropbox, (4 horas)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

BLOQUE III: OS BLOGS NA CLASE DE SOCIAIS. As posibilidades educativas dos blogs nas clases de ciencias sociais. Creación, publicación, aplicacións e modelos didácticos. (4 horas)

BLOQUE IV. FERRAMENTAS ON LINE PARA A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DE MATERIAL DIDÁCTICO DE CCSS. Servizos en internet para gardar documentos, vídeos, imaxes, etc. Presentacións multimedia: creación e aloxamento. Creación de cómics e carteis. Exemplos. 16 horas repartidas do seguinte xeito:

- **BLOQUE IV: Primeira sección: ACTIVIDADES OBRIGATORIAS:** Traballo con Youtube, Glogster, Slideshare (12 horas)
- **BLOQUE IV-: Segunda sección: ACTIVIDADES OPTATIVAS (a elixir unha):** Álbum web Picasa, TimeRime, Scribd, creación de cómics. (4 horas)

AVALIACIÓN: Presentación do proxecto didáctico integrando recursos web 2.0 (1 hora)

Correlación das competencias básicas cos contidos do curso

- **Comunicación lingüística** a través do uso de Blogs, de presentacións multimedia, elaboración de murais dixitais.
- **Aprender a aprender**, a través da busca de información en Google ou outros buscadores, o uso de marcadores e etiquetas, e o manexo en xeral da ferramentas web 2.0
- **Coñecemento e interacción co medio físico, cultural e artística** a través dos contidos que usaremos á hora de elaborar os materiais cos recursos web 2.0.
- **Competencia social e cidadá** na medida en que a web 2.0 se basea en compartir recursos, opinións... entre os usuarios e usuarias.
- E por suposto, o **tratamento da información e o uso das TIC** que é a razón primeira e última do curso.

Metodoloxía

O curso terá un carácter eminentemente práctico, pretendendo que o alumnado sexa quen de elaborar recursos TIC para integralos no desenvolvemento dunha proposta didáctica que presentará ao final do curso e que aplicará ao longo do primeiro trimestre co seu alumnado.

Para isto recoméndase:

- **Pensar no tema** a desenvolver en base á programación do curso que impartimos (ten que ser un tema que se imparta na 1ª avaliación, mellor cara o mes de decembro).
- Cando se elabore material didáctico neste curso coas ferramentas web 2.0, facelo **pensando no tema elixido** para incorporalo na nosa proposta didáctica.

Seguimento e desenvolvemento do curso.

O alumnado terá que facer as seguintes ACTIVIDADES OBRIGATORIAS:

- Presentarse no foro e personalizar o seu perfil.
- Crear e comunicar unha conta de correo electrónico e gmail
- Cubrir e enviar a enquisa de coñecementos previos e expectativas ante o curso.
- Elixir e comunicar a temática sobre a que vai elaborar os materiais empregando os recursos Web 2.0 e que desenvolverá na súa clase no primeiro trimestre do curso.
- Realizar a lección “Que é a web 2.0”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

- Ler o documento “Quince características da web 2.0”
- Realizar o módulo: un exemplo sinxeliño de web 2.0
- Realizar o test sobre as características da web 2.0.
- Realizar os módulos:
 - A busca avanzada con Google
 - A fiabilidade das fontes en Internet
 - Os marcadores sociais: Mister-Wong
- Realizar a tarefa de Mister-Wong:
 - Crear unha conta en **mister-wong** (marcador social) e gardar páxinas web debidamente etiquetadas como posibles recursos didácticos.
 - Crear un grupo en **Mister-wong** s e/ou colaborar noutros grupos creados polos outros participantes compartindo recursos web.
- Realizar, opcionalmente, o módulo de Dropbox.
- Realizar o módulo dos blogs
- Realizar o test sobre o uso educativo dos blogs
- Realizar a tarefa sobre os blogs:
 - Crear un blog en **blogger**, cunha entrada de texto con imaxe, e un gadget non incorporado por defecto.
- Realizar os módulos de Slideshare, Glogster e Youtube.
- Elaborar unha presentación multimedia relacionada co tema elixido, compartila en **Slideshare** e incrustala no propio blog.
- Elaborar un cartel dixital con **glogster** relacionado co tema elixido e incrustalo no propio blog.
- Compartir un vídeo de **youtube** a través do blog.
- Realizar **UNHA ACTIVIDADE OPTATIVA** relacionada co tema elixido a escoller entre:
 - Usar **Scribd**
 - Compartir fotos a través do servizo **Álbum Web Picasa**
 - Crear un cómic cun recurso web 2.0
 - Crear liña de tempo con **TimeRime**
- Enviar un arquivo coa proposta didáctica.
Esta proposta debe incluír:
 - Tema a desenvolver: Título da Unidade Didáctica
 - Nivel educativo e curso a quen vai dirixido.
 - Obxectivos
 - Competencias básicas que se traballan
 - Contidos
 - Metodoloxía
 - Atención á diversidade (se se considera convinte).
 - Recursos web 2.0 empregados publicados no blog persoal creado no curso
 - Temporalización
 - Criterios de avaliación
- Poñer en práctica na clase esa proposta didáctica e facer unha valoración no foro aportando os aspectos positivos ou negativos da experiencia, así como as dificultades atopadas.

É IMPORTANTE FIXARSE NAS DATAS DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES QUE APARECEN NAS SEGUINTE TÁBOAS E QUE APARECERÁN NA PARTE DEREITA DA PLATAFORMA ONDE PON “PRÓXIMOS EVENTOS”



CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

BLOQUE 0. PRESENTACIÓN (1 hora)
DATA DE APERTURA: 6 de outubro ás 00:00

Nº	Actividade	Datas
1	Lectura da guía do curso (recomendamos imprimila)	Semana 1: 6 outubro (xoves) ata o 9 outubro (domingo)
2	Presentación no foro e personalizar o perfil	
3	Crear e enviar unha conta de correo electrónico con gmail	
4	Elección do tema para a proposta didáctica final	
	Cubrir a enquisa de avaliación inicial	

BLOQUE I. A WEB 2.0 (4 horas)
DATA DE APERTURA: 6 de outubro ás 00:00

Nº	Actividade	Datas
5	Concepto: a web 2.0	Semana 2: 10 outubro (luns) ata o 16 outubro (domingo) DATA DE VENCEMENTO: 17 de outubro ás 00:00
6	Quince características da web 2.0	
7	Test sobre a web 2.0	
8	Módulo: un exemplo sinxeliño de web 2.0	

BLOQUE II. BUSCA E CATALOGACIÓN DE MATERIAIS. (4 horas)
DATA DE APERTURA: 14 de outubro ás 00:00

Nº	Actividade	Datas
9	Módulo: A busca avanzada con Google	Semana 3: 17 outubro (luns) ata o 23 outubro (domingo) DATA DE VENCEMENTO: 24 de outubro ás 00:00
10	Módulo: A fiabilidade das fontes en Internet	
11	Módulo: Os marcadores sociais. Mister-wong	
12	Tarefa: Mister-Wong. Crear unha conta e etiquetar recursos, crear un grupo e compartir recursos.	
	Actividade de ampliación: Módulo: Dropbox. Servizo para almacenamento de arquivos na nube (on-line)	

BLOQUE III: OS BLOGS NA CLASE DE SOCIAIS (4 horas)
DATA DE APERTURA: 21 de outubro ás 00:00

Nº	Actividade	Datas
13	Módulo: Os blogs	Semana 4: 24 outubro (luns) ata o 30 outubro (domingo) DATA DE VENCEMENTO: 31 de outubro ás 00.00
14	Test: Os blogs e o seu uso educativo	
15	Tarefa: Creación dun Blog, publicación dunha entrada con imaxe, e personalización do blog con gadgets. TODO cara o proxecto didáctico elixido	



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

BLOQUE IV. FERRAMENTAS ON LINE PARA A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DE MATERIAL DIDÁCTICO DE CCSS

BLOQUE IV- Primeira sección. ACTIVIDADES OBRIGATORIAS (12 horas) DATA DE APERTURA: 28 de outubro ás 00:00

Nº	Actividade	Datas
16	Elaboración de presentacións multimedia con Impress	Semanas 5, 6, 7 e 8: 31 outubro (luns) ata o 27 de novembro Data de vencemento: 28 de novembro ás 00:00
17	Módulo: Slideshare. Servizo para publicar presentacións multimedia	
18	Módulo: Glogster. Servizo de creación e publicación de pósters multimedia.	
19	Tarefa: Murais dixitais	
20	Módulo: Buscamos e compartimos vídeos	
21	Tarefa: Inserir un vídeo de Youtube nunha entrada de Blogger	

BLOQUE IV- Segunda sección. ACTIVIDADES OPTATIVAS (4 horas) DATA DE APERTURA: 12 de novembro ás 00:00

Nº	Actividade	Datas
	Módulo: Álbum web Picasa. Servizo para gardar e publicar fotografías.	Semanas 9 e 10: 28 novembro (luns) ata o 11 decembro (domingo) Data de vencemento: 12 de decembro ás 00:00
	Tarefa: Presentación multimedia	
	Módulo: Scribd. Servizo para gardar e publicar documentos.	
	Tarea Scribd	
	Módulo: Crear cómics. Uso de Dvolver Movie Maker.	
	Tarefa: creación de cómics	
	Módulo: Liñas de tempo con TIMERIME	
	Tarefa: Creación dunha liña de tempo	

AVALIACIÓN (1 hora) DATA DE APERTURA: 1 de decembro ás 00:00

24	Enviar o documento coa proposta didáctica	Semana 11: do 12 ao 16 de decembro Data de vencemento: 17 de decembro ás 00:00
----	---	--

Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás un Foro de presentación de participantes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

Foro de presentación de participantes

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma co profesorado titor do curso.

Existen varias opcións de comunicación con profesorado titor:

- A través dos foros existentes en cada módulo do curso, por exemplo, o foro do módulo para Glogster, ou o foro para os blogs... ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as súas intervencións no foro ou *posts*.
- A través do sistema de mensaxería interna da plataforma tamén coñecido como Chat ou por correo electrónico no enderezo: sociaisabalar@gmail.com

As mensaxes enviadas por estes medios son privados entre vostede e o seu comunicante, xa sexa a persoa titora ou calquera outra persoa participante.

Avaliación

O alumnado terá que realizar as actividades obrigatorias e optativas ao longo do curso e obter a cualificación mínima de “**Satisfactorio**” en cada unha delas. O traballo desenvolto debe ir enfocado á elaboración dunha **proposta didáctica** que deberá presentar ao final do curso e enviala por correo electrónico e na que utilizará os recursos web 2.0 elaborados. Esta proposta didáctica debe incluír:

- Tema a desenvolver: Título da Unidade Didáctica
- Nivel educativo e curso a quen vai dirixido.
- Obxectivos
- Competencias básicas que se traballan
- Contidos
- Metodoloxía
- Recursos web 2.0 empregados publicados no blog persoal creado no curso
- Temporalización
- Criterios de avaliación

Aplicación práctica nas aulas

De todo anteriormente dito, pódese extraer que o obxectivo final do curso é que o alumnado sexa quen de elaborar un material didáctico empregando ferramentas web 2.0. Para iso, ao comezo do curso pediráselles que pensen nunha Unidade Didáctica a desenvolver no mes de decembro no grupo onde impartan docencia para que ao longo do curso vaian elaborando materiais cos distintos recursos web 2.0 cara dita Unidade.

Aplicar a actividade na aula e comentar no foro os aspectos positivos e negativos da experiencia.

Requisitos para seguir o curso

Ordenador con conexión a internet, ao ser un curso web 2.0, todas as aplicacións están na rede.